## 1. Le o seguinte texto:

***Taresa***

Logo que marchou Gonzalvo, quedou Taresa como se botase fóra de si un gran peso que a esmiñancase; pero logo se lle veu outro encima de non menor volume. Saltou con ela a nai, e púxoa como unhas nabizas; de sorte que, á pobre da rapaza, non lle quedou máis recurso que rebentar a chorar e largarse do sitio. Mais non lle valeu, porque a nai seguiu apopeándoa, chamándolle desleigada, moscamorta, cabezuda, ata que, ó fin, cansada de rosmar, acabou:

– Deixa que, cando eu che falte, has de acordarte do que agora che digo; pero entoces has de bota-las mans ás orellas e non che han de sangrar. Ese é o caso que fas de min e dos meus consellos.

Como pode presumi-lo lector, por escenas desta clase tivo que pasar xa de antes moitas veces Taresa. De aquí a pouco, cada visita de Gonzalvo costáballe un bo sermón e unha boa carda, porque á nai deixar de entemear para que a filla correspondese ó criado do señor Froitoso de Ulloa, sabíalle mal. Así é que Taresa, así que a vía entrar pola porta, vía entrar unha nube, apretábaselle o corazón, e xa non pensaba máis que no que a agardaba para despois.

A. López Ferreiro. *A tecedeira de Bonaval*. Cap. XVII

## 2. Contesta as seguintes preguntas:

a. Sinala o significado das palabras e frases subliñadas

b. Explica as distintas técnicas narrativas (tipos de narradores) do fragmento

c. Busca os recursos literarios do texto, sinálaos e explícaos

d. Procura o argumento da novela e relaciona o fragmento co argumento

e. Sinala os elementos realistas do fragmento